




ANTÓN LEZCANO

ANTÓN LEZCANO


É frecuente o uso da vaca como símbolo do país galego. O deseñador nacido en Ferrol en 1970, Antón Lezcano, foi o autor do logo no que incluíu a vaca no medio da bandeira galega, como forma de simbolizar a súa importancia no noso país.



FRANCISCO ASOREY

FRANCISCO ASOREY

Este escultor costumista de Cambados non dubidou en representar una moza labrega cun pequeno cuxo no colo, na peza que de forma intencionada chamou “O tesouro”, escultura de 1924.



CASTELAO

CASTELAO

O político, escritor, pintor e ilustrador de Rianxo (1886) foi quen de usar a imaxe da vaca nalgunha das súas viñetas críticas e reivindicativas.



CASTELAO

CASTELAO

O político, escritor, pintor e ilustrador de Rianxo (1886) foi quen de usar a imaxe da vaca nalgunha das súas viñetas críticas e reivindicativas.



MANUEL COLMEIRO

MANUEL COLMEIRO

Pintor nacido en Silleda en 1901.

Galicia e as súas xentes foron fonte de inspiración de gran parte da súa obra. Os pastores e pastoras que levaban as vacas a pacer ao monte non podían faltar.



DAVILA

DAVILA

**Humorista
pontevedrés nacido
no ano 1972.**

**As súas tiras
cómicas, intelixentes
e retranqueiras, son
un reflexo da
realidade do
noso país e dos
animais galegos
máis recoñecibles
e entrañables,
como...
as nosas vacas!**



VACA

FILMS

VACA FILMS




VACA FILMS

Esta produtora galega de cine, creada en 2003 por Emma Lustres e Borja Pena, é a responsable de películas como “Celda 211”, “El niño” ou “El desconocido”. Como sinal de identidade escolleron a vaca, pola estreita relación que garda coa nosa cultura

VACA CON PAXARO

CERÁMICA SARGADELOS

As creacións deste grupo de empresas dedicadas á cerámica de Sargadelos é considerada unha fonte de creación artística de forte raizame galega. Dentro das figuras de animais a cerámica de Sargadelos deseñou un dos máis representativos da nosa riqueza, a vaca, neste caso cun pequeno paxaro no lombo.



XURXO LOBATO


XURXO LOBATO

O fotógrafo coruñés escribiu un libro e deseñou una exposición dedicada á Galicia rural que el non dubida en simbolizar co animal que mellor nos representa.



XURXO LOBATO E MANUEL RIVAS

O fotógrafo coruñés escribiu un libro e deseñou una exposición dedicada á Galicia rural que el non dubida en simbolizar coa vaca. Aquí vemos a entrada á exposición, cun texto sobre as vacas do escritor Manuel Rivas.



MANUEL RIVAS

O título que escolle Manuel Rivas para esta colección de relatos breves escritos en galego e con temática tamén

xenuinamente galega do ano 1990 é xa unha clara declaración de intencións.

MANUEL RIVAS



LINO LAGO

LINO LAGO

Lago é un artista español que mantén un discurso crítico desde a linguaxe plástica. Nas súas creacións, ás veces toma obras de outros artistas moi coñecidos, como esta de Magritte, na que cambiou a famosa pipa por unha vaca, que para un galego coma el ten maior carga simbólica.



LAXEIRO

LAXEIRO

O pintor expresionista nacido en Lalín en 1908, retratou a vida das xentes de Galicia cun sentido moitas veces crítico ou mesmo sarcástico. Neste gravado vemos unha escena de Antroido con xente disfrazada de animais domésticos como burros, mulas e... vacas!



SERAFÍN AVENDAÑO

SERAFÍN AVENDAÑO

Pintor nacido en Vigo en 1838, coñecido polas súas pinturas costumistas nas que reflicte o país galego e os seus habitantes cun estilo próximo ao impresionismo no que a cor é fundamental. Neste exemplo vemos un labrego levando un carro de vacas pola beira do mar.




LUÍS SEOANE

LUÍS SEOANE

Este artista coruñés é un dos máis coñecidos pintores galegos do século XX.


Aínda que na súa obra son máis abundantes os motivos mariños, tampouco esqueceu a vaca nos seus cadros de temática rural galega.



FRANCISCO LLORÉNS

FRANCISCO LLORÉNS

**Pintor coruñés
nado no ano 1847.
Foi un recoñecido
artista valorado
polos seus retratos e
paisaxes, nos que
abundan as
referencias ao
mundo da Galicia
daqueles anos.
A vaca é a
protagonista deste
gravado de
Francisco Lloréns.**



EUGENIO GRANELL

EUGENIO GRANELL

Granell é un pintor surrealista nacido na Coruña en 1912.

Podemos admirar a súa obra en Santiago na sede da súa fundación da Praza do Toural.


Neste cadro fixo a súa particular versión das vacas e a súa relación cos galegos.



**ISAAC
DÍAZ PARDO**

ISAAC DÍAZ PARDO


O pintor, escritor e empresario galego, director durante moitos anos do grupo de cerámica de Sargadelos, escolleu a imaxe de bois e vacas para ilustrar o famoso libro de Xosé Neira Vilas, “Memorias dun neno labrego”.



XAQUÍN MARÍN

XAQUÍN MARÍN

Este xenial debuxante, autor das tiras cómicas do xornal La Voz de Galicia, foi o ilustrador dunha das edicións do libro de Xosé Neira Vilas, “Memorias dun neno labrego” O protagonista Balbino, turrando dun carro de bois foi o debuxo escollido para a cuberta de ese transcendental relato.



XURXO LOBATO E INDI

O libro “Vacas, su dignificación sexual y gastronómica” do cociñeiro italo-galego Flavio Morganti, obtivo o premio Gourmand World Cookbook á mellor cuberta dun libro de cociña na Feira do Libro de Francfort pola orixinal portada de Xurxo Lobato e o deseñador gráfico Indi.

**XURXO LOBATO
E INDI**



ROSALÍA DE CASTRO

ROSALÍA DE CASTRO

Levaime, levaime, airiños,
levaime a donde espera
unha nai, que por min chora,
un pai que sin min n'alenta,
un irman por quen daría
a sangue das miñas venas,
e un amoriño, a quen alma
e vida prometera.

Si pronto non me levades
¡ay! morrerei de tristeza,
soia, nunha terra estraña
donde estraña me alomean,
donde todo canto, miro,
todo me dice ¡Estranxeira!

¡Ay! miña probe casiña!

¡Ay! miña **vaca vermella**,
años que balás nos montes
pombas qu'arrulás nas eiras,
mozas que atruxás bailando
redobre das castañetas,

¡Ai! quen fora paxariño
de leves alas lixeiras
¡Ai! con que prisa voara
toliña de tan contenta,
para cantar á alborada
nos campos da miña terra!
Agora mesmo partira,
partira como unha frecha,
sin medo as sombras da noite,
sin medo a noite negra;
e que chovera ou ventara,
e que ventara ou chovera,
voaría, voaría
hasta que alcansase a vela.
Pero non son paxariño
e irei morrendo de pena,
xa en lagrimas convertida,
xa en sospiriños desfeita.



ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR

ÁLVAREZ DE SOTOMAYOR

Este pintor e profesor da arte ferrolán foi membro da Real Academia de Belas Artes e director do Museo do Prado de Madrid.

A súa obra ten moitas veces como tema a paisaxe e as costumes galegas.



MANUEL MARÍA

MANUEL MARÍA

A señora vaca
traballa sen fasa,
mantén a súa cría,
dá leite prá casa.

A señora vaca
non dá descansado,
tira polo carro
e arrastra o arado.

A señora vaca
ten a color teixa,
sófreche en silencio,
pero non se queixa.